

“ GRUPO DE NAIS E PAIS POLA SAÚDE ”

PROGRAMA DE PREVENCIÓN NO ÁMBITO FAMILIAR “MÁIS QUE UN TEITO”

2024 – 2025



ACTIVIDADE GRATUÍTA

PERIODICIDADE: unha xuntanza mensual de outubro de 2024 a xuño de 2025.

COMEZO: martes 29 de outubro de 2024. **HORARIO:** de 8:00 h a 9:00 h. da tarde.

LUGAR: Edificio de Servizos Sociais do Concello de Betanzos

Nas distintas reunións, co psicólogo da unidade, trataremos, entre todos e todas, aqueles temas que son de interese e preocupación para nais e pais á hora de educar aos nosos fillos e fillas, relacionados coa vida familiar e social coma son: normas e límites na familia, uso de internet e móbil, escola e familia, problemas de conduta e hábitos de vida saudables entre outros.

Se está interesado/a en formar parte do: “Grupo de Nais e Pais pola Saúde”, pregámoslle nolo faga saber ata o 28 de outubro cubrindo esta ficha.

FICHA DE INSCRICIÓN:

Nome: _____ Teléfono: _____
Enderezo: _____ Poboación: _____
A súa idade: _____ Ten fillos/as?: _____ Cantos ten?: _____ Idades: _____
Móbil: _____ Enderezo electrónico: _____ Data: ____/____/2024

No caso de que puidese levarse a cabo interesaríalle asistir en horario de mañás? _____ Horario? _____

**PÓDESE ENTREGAR NO EDIFICIO DE SERVIZOS SOCIAIS
CONCELLO DE BETANZOS. PRAZA DO EMIGRANTE, 1 (EDIF. ESCOLAS GARCÍA NAVEIRA).
TAMÉN PODE ENVIAR A INSCRICIÓN AO ENDEREZO ELECTRÓNICO
UPDCA@BETANZOS.NET**

INSCRICIÓN ATA O 28 DE OUTUBRO DE 2024



De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo/a de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Betanzos con enderezo no edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos, A Coruña, correo@betanzos.net. 1. DPO. O delegado de protección de datos do Concello de Betanzos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en correo@betanzos.net. 2. Finalidade do tratamento. Os datos serán utilizados para facelo/a partícipe da actividade promocionada descrita na presente solicitude, así como a xestión administrativa derivada desta. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo que quere solicitarlle ao Concello de Betanzos. Prazo de conservación. Os datos facilitados conservanse mentres non se solicite a supresión destes e durante o tempo necesario para darlle cumprimento ás obrigas administrativas. 3. Lexitimación. Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa sinatura da presente circular. 4. Destinatarios/as das cesións. O Concello de Betanzos cederá os seus datos de carácter persoal ao persoal ou á empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo. 5. Dereitos. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade destes. O Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.